

Bloque 2. Tema 21.

O establecemento da Segunda República (forzas políticas e Constitución de 1931)

Tras a dimisión do ditador Miguel Primo de Rivera o 29 de xaneiro de 1930, tivo lugar unha serie de gobernos que tentaron devolver ao debilitado réxime monárquico á senda constitucional e parlamentaria, a pesar da febleza e o descrédito dos partidos dinásticos.

Alfonso XIII nomea presidente do goberno ao xeneral Dámaso Berenguer, iniciándose un período coñecido como a **“Dictablanda”**, debido ás pretensións do Presidente de restablecer o sistema de 1876. Sen embargo, a lentitude na aplicación de reformas provocaron o fracaso de Berenguer. Durante o seu goberno, tivo lugar o **Pacto de San Sebastián** (17 de agosto de 1930). Nel, a Alianza Republicana e outras personalidades políticas de ideoloxía socialista ou nacionalista acordaron unha estratexia para poñer fin ao reinado de Alfonso XIII e instaurar a República. Para coordinar as accións contra a Monarquía creábase un **Comité Revolucionario**, no que haberá personalidades republicanas de dereitas como Alcalá Zamora, republicanas radicais como Lerroux, de Acción Republicana como Azaña, republicanos radicais socialistas como Marcelino Domingo, nacionalistas como Francesc Macià, socialistas como Indalecio Prieto ou Largo Caballero e representantes de agrupacións republicanas rexionais como Santiago Casares Quiroga, da ORGA.

Ademais, xa en decembro dese ano 1930, tiveron lugar varios intentos frustrados de impoñer a República pola forza, aínda que fracasaron porla súa escasa preparación. Destaca o acontecido en **Jaca**, liderado polos **capitáns Fermín Galán e Ángel García Hernández** (que rematou coa detención e o fusilamento destes militares) e tamén outra intentona protagonizada por Ramón Franco e Queipo de Llano, que tomaron o aeródromo de **Cuatro Vientos**, pero que acabaron fuxindo a Portugal ao ver que non eran respaldado cunha folga xeral en Madrid. Como resultado destas accións, a maioría dos membros do Comité Revolucionario foron detidos.

Ante esta inestabilidade e a falta de progresos no proceso de volta ao réxime de 1876, **Berenguer foi remplazado polo almirante Juan Bautista Aznar en febrero de 1931**. O novo goberno convocou, o **12 de abril, eleccións municipais** que, debido ao clima político, **adquiriron un carácter de plebiscito a favor ou en contra da monarquía**. O triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades e capitais de provincia (41 das 50 capitais de provincia) propiciou a **proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931**, cun gran fervor popular nas rúas. Véndose sen apoios, **Alfonso XIII decide marchar cara o exilio**.

O Goberno provisional, que fora deseñado no Pacto de San Sebastián, proclamou **presidente do goberno a Niceto Alcalá-Zamora**. Unha das súas primeiras accións foi viaxar a Cataluña para reconducir a proclamación da República Catalana dentro da república española, baixo a promesa dunha rápida concesión de autonomía política a Cataluña en canto estivera aprobada a Constitución.

Entre abril e decembro de 1931, o país estivo presidido por un Goberno Provisional no que se aprobaron unha serie de **decretos que abordan temas pendentes na política española (modernización do exército, secularización da sociedade, tema autonómico...)** e a **Constitución de 1931**. Para redactar esta constitución foi preciso celebrar unhas **eleccións a Cortes Constituíntes o 28 de xuño de 1931**. Por primeira vez en España había unhas eleccións limpas, nas que participou un 70% do electorado. O resultado electoral pouco variou das municipais e deu maioría á coalición republicano-socialista. De 470 deputados, o PSOE foi o partido con máis representación parlamentaria, con 115 deputados; o segundo grupo político era o Partido Republicano Radical (liderado por Alejandro Lerroux) con 94 deputados; a dereita non republicana tiña 50 deputados. En total, había ata 19 partidos políticos distintos representados na cámara, cuxa presidencia recaeu no socialista Julián Besteiro.

Os traballos para redactar a nova constitución irían dende o 14 de xullo en que se configuraron as Cortes ata o 9 de decembro en que foi aprobada polo parlamento. A comisión que redactou o borrador para os debates parlamentarios foi presidida polo socialista Luis Jiménez de Asúa. Moitos dos artigos desta constitución deron lugar a intensos debates, como a declaración de laicidade do Estado, que incomodou ao propio Alcalá Zamora e a Miguel Maura (de feito, levoulles a dimitir dos seus cargos no goberno), ou a oportunidade política de conceder ou non o voto feminino, que xerou un [debate parlamentario](#) entre a republicana radical Clara Campoamor (a favor) e a republicana radical-socialista Victoria Kent (en contra).

A Constitución de 1931 declara a España como unha **República Parlamentaria de traballadores de toda clase e laica**. Sería definida tamén como un **Estado integral** onde cabe a posibilidade de crear un Estado autonómico alí onde se solicite. Algúns dos seus rasgos máis característicos son: o **sufrexio universal masculino e feminino** (levado á práctica por primeira vez en 1933), **soberanía popular** e unha **ampla declaración de dereitos** (nos que aos dereitos individuais clásicos se lle unen a liberdade de reunión, asociación, dereito á educación; dereitos de tipo social que significan un avance significativo respecto ás anteriores constitucións).

O Presidente da República sería elixido polas Cortes (órgano unicameral) por un período de 6 anos, e ten a potestade de nomear ou destituír ao Presidente de Goberno, pero sempre coa conformidade das Cortes. Había, polo tanto, un **sistema de controis mutuos entre as Cortes e**

a **Presidencia da República**. A primeira **presidencia da República** sería para **Niceto Alcalá-Zamora**, mentres que a **presidencia de goberno** recaería en **Manuel Azaña**.

A nivel económico, a Constitución republicana **defendía a propiedade privada**, pero **contemplaba tamén a posibilidade da confiscación en caso de interese común**.

A proclamación da República tivo unha forte repercusión no panorama político, dividindo á sociedade en polos opostos, feito que acabará por desencadenar a Guerra Civil española en 1936.

Na dereita, nun primeiro momento cunde a desorientación pola proclamación da República, pero despois comeza a reorganizarse en torno á **CEDA** (Confederación Española de Derechas Autónomas), que terá como principal figura a José María Gil Robles. Ademáis desta agrupación, haberá tamén partidos monárquicos como a **Renovación Española** de José Calvo Sotelo, carlistas como a **Comunión Tradicionalista**, conservadores como o **Partido Agrario** ou autoritarios como **Falange Española de las JONS**, partido inspirado no fascismo italiano e que lideraba José Antonio Primo de Rivera. Malia as súas grandes diferenzas ideolóxicas, todos eles coincidían no seu nacionalismo español.

Na esquerda, o movemento obreiro estaba liderado por diversos partidos marxistas e organizacións anarquistas. O partido con máis peso era o **PSOE** (con líderes como Julián Besteiro, Indalecio Prieto ou Francisco Largo Caballero) ou os comunistas, divididos entre os estalinistas do **PCE** e os trotskistas do **POUM**. Os anarquistas seguían tendo un peso moi importante dentro do movemento obreiro, aínda que sen constituír nunca partidos políticos. Destacaban a **CNT** e a **FAI**.

Dentro dos **republicanos** hai formacións de ideoloxías moi diversas, que só coincidían na súa militancia profundamente republicana. Tiveron un papel destacado partidos de centro dereita populista como o **Partido Republicano Radical** de Alejandro Lerroux ou partidos de esquerda como **Acción Republicana** (formación liderada por Manuel Azaña, despois refundada como Izquierda Republicana), o **Partido Republicano Radical Socialista** de Marcelino Domingo ou a **ORGA**, formación galega que contaba con Santiago Casares Quiroga como líder.

Dentro dos **nacionalismos periféricos** destacan partidos de dereita como o **Partido Nacionalista Vasco** ou a **Lliga Catalana**, así como formacións de esquerda como **Esquerra Republicana de Cataluña**.